

# Ler e escribir con sentido

## A correspondencia como recurso

**Celia Moreno Trigo**

Mestra de educación infantil CEIP  
A.D.R. Castelao - Ordes

**María del Carmen Penide Mareque**

Mestra de educación infantil  
CRA de Teo - Escola de Raxó

A experiencia levámola a cabo un grupo de mestras de educación infantil coa finalidade de achegar o noso alumnado ao proceso lecto-escritor. As razóns que nos moveron a traballar deste xeito foron, por un lado, buscar un texto no que a finalidade e a utilidade fosen claras e significativas, e por outro, que a experiencia fose motivadora, que tivese unha aplicabilidade inmediata. Analizamos e realizamos correspondencia de diverso tipo. Tamén utilizamos bibliografía na que as cartas teñen unha presenza importante.



Formamos parte dun grupo de traballo sobre a lecto-escritura e o cálculo. A nosa actividade oríentase cara ao tratamento da linguaxe escrita dende unha perspectiva construtivista. A experiencia proporcionounos un encontro cun modo diferente de nos achegar ao proceso de ensino-aprendizaxe. Os rapaces das nosas escolas entusiasmábanse cada vez que recibían unha carta e, en cada resposta, esforzábanse en corresponder co envío de mensaxes. O proxecto resultou tan gratificante que consideramos útil dálo a coñecer e poder compartilo.

**O noso alumnado (cadro 1)**

Centro	Idade	Nº de alumnos	clase social
CRA de Teo (Raxó)	3-6 anos	11	Media-baixa
CRA de Teo (Bamonde)	3-8 anos	9	Media-baixa
Noia	5 anos	7	Media-baixa
Ordes	4 anos	18	Media
Oroso (Sigüeiro)	3 anos	23	Media

As mestras participantes impartimos docencia en educación infantil, e o contexto no que se desenvolve o noso labor é o que se expón no cadro 1.

Todo o proceso xorde dunha inxenuidade por aproximármonos á lectura e á escritura dende unha perspectiva máis funcional e significativa na etapa infantil.

Pero, por que escollemos a carta, a correspondencia escolar? Porque queriamos estudar un texto de maneira pragmática, na que os nenos e nenas traballasen nunha situación real, ¿escribir, para que? Pois, para que outros rapaces as recibisen. E iso, coa intención de que o noso alumnado fose quen de producir e interpretar textos, e mellorase como usuario do sistema de escrita convencional. O eixe da nosa acción é, daquela, conseguir un texto de uso social. Trátase dun traballo de escritura cun proceso moi longo, aínda que moi motivador e cun alto grao de interese por parte dos rapaces ao obter eles mesmos un resultado, envían cartas á vez que as reciben; teñen unha resposta: cartas que se mandan e cartas que se recollen.

Tamén escollemos traballar a carta, porque é un texto que hai en todas as casas, chegan a todas, na meirande parte dos casos recibos e publicidade. Non obstante, a carta está desaparecendo, primeiro coa chegada do teléfono e logo con internet e co correo electrónico.

Na realización deste proxecto seguimos a proposta de Miriam Nemirovsky sobre planificación no ensino da linguaxe escrita, facendo unha distinción entre as propiedades do tipo de texto e as propiedades do

sistema de escritura, que no caso da correspondencia, son as seguintes (Nemirovsky, 1999) (Ver cadro 2):

**Propiedades do tipo de texto**

Función (informar, comunicar)

Autor/autores

(os nenos e nenas que asinan)

Público potencial (o receptor)

Relación co real (total)

Fórmulas fixas

(data, saúdo e despedida)

Formato (disposición do texto)

Uso posterior á lectura

(as cartas gárdanse, relense por ser emotivas e persoais)

**Propiedades do sistema de escritura**

Diferenza debuxo-escritura

Propiedades cualitativas

Propiedades cuantitativas

Direccionalidade do sistema

(cadro 2)

E propuxémonos traballar unha serie de obxectivos:

- Coñecer a función da carta (informar, contar algo...)
- Identificar o formato dunha carta (data, saúdo, texto, despedida, sinatura).
- Recoñecer o destinatario e o remitente.
- Identificar as partes dun sobre (selo, enderezo, remitente).
- Avanzar no proceso lecto-escritor.
- Identificar os nomes das diversas escolas e colexios.
- Recoñecer o nome do rapaz ou rapaza co que se mantén correspondencia.

O traballo dura case todo o curso. Comeza no mes de Nadal, coincidindo con esta festa, e desenvólvese en dous treitos:

1ª PARTE:



- Postais de Nadal
- Carta de Reis

2ª PARTE:

- Cartas colectivas: como produtores e como lectores
- Cartas individuais: como produtores e como lectores.

**Decisións na asemblea e redacción da primeira carta**

Aproveitamos a época de Nadal, porque nestas datas é costume enviar postais para felicitar a xente máis próxima afectivamente. Iniciamos unha primeira toma de contacto nunha asemblea, que ten como obxectivo identificar as ideas previas que, sobre este texto, teñen os nenos e as nenas. Levamos ás nosas aulas unha selección de postais para observar que as de Nadal teñen unha ilustración especial pola data na que estamos. Comproban que o contido é moi parecido en todas. Trátase de felicitar - boas festas, feliz aninovo, etc.-, así que empezamos por escribir unha postal para enviar á casa. Nesta ocasión, os rapaces tiñan que traer o sobre co seu enderezo e un selo. Deseguido, coas mestras como mediadoras e para iniciar a correspondencia, propuxémoslles escribir e mandar unha postal a outros nenos e nenas que estaban noutras escolas. A actividade resulta interesante e motivadora, pero tamén un tanto inquietante ao non coñecer os nenos e as nenas nin as zonas. O interese máis forte vívese cando empezan a chegar ás aulas as postais dos outros rapaces, o que leva consigo a obriga de ver onde están localizadas esas escolas nun mapa (figura 1). Para familiarizar os alumnos cos nomes das zonas e dos colexios e escolas, facemos actividades con eles: escriben o nome do colexio ou escola e dámoslles as palabras para que compoñan o nome da zona con letras móbiles, e que contén cantas letras ten (figura 2). Tamén foi preciso buscar un sitio na aula para colocar toda a correspondencia que chegaba, e ao mesmo tempo diferenciar ben de que colexio procedía.



Exemplo de actividades.  
 Mapa para a localización dos lugares dos colexios e escolas. (figura 1)  
 Os alumnos compoñen os nomes con letras móbiles. (figura 2)

### Os Reis Magos veñen á escola e os nenos preparan as súas cartas

Nestas datas recibimos nas aulas unha carta procedente de Oriente. Era dos Reis Magos e anunciaba unha visita ao colexio, polo que cada neno tiña que ter preparada a súa propia carta. A partir da carta dos Reis analizase toda a estrutura deste texto informativo, utilizándoa como modelo das posteriores. Así que nos poñemos en marcha. Empezamos facendo un catálogo de agasallos de Reis e, a continuación, escribimos a nosa carta para os Magos de Oriente.

Tamén utilizamos algúns libros que teñen a correspondencia como protagonista no seu relato. Con eles pretendemos reforzar e ampliar o coñecemento deste tipo de texto dende un enfoque máis lúdico, pois un conto é sempre motivador. Para manter o interese da actividade fíxose unha lectura secuenciada. Cada día liamos unha das cartas. Os libros que utilizamos foron:

- *El cartero simpático o unas cartas especiales* de J. e A. AHLBERG
- *Cartas de Papa Noël* de J.R.R. TOLKIEN
- *Cartas de Félix. Una pequeña liebre de viaje por el mundo* de A. LANGEN & C. DROOP.

A partir deste momento, iniciamos un intercambio de correspondencia entre as cinco escolas e colexios, coincidindo coa volta das vacacións. Empezamos por escribir unha carta colectiva, o primeiro é o colexio de Ordes. As mestras diriximos a actividade, aínda que os verdadeiros produtores son os nenos e nenas. No encerado escribimos a nosa carta con todos os elementos, primeiro a data, a continuación o saúdo. Tivemos que escoller un contido co que todos estivésemos de acordo, e deseguido o texto, con todas as revisións necesarias ata dármo-lo todos por bo. Finalmente, despedímonos. Copiamos entre todos a carta por anacos, compuxémola e fotocopiámola. Asinámo-la conxuntamente, metémola nos sobres e

### Secuencia do proceso

- 1º- Observación e análise das distintas postais levadas á aula
- 2º- Elaboración dunha postal para enviar á súa casa
- 3º- Despois de suxerilo as mestras, elaboración dunha postal para cada un dos outros centros
- 4º- Recibimos postais
- 5º- Busca nun mapa do lugar onde se atopaban as outras escolas e actividades cos seus nomes
- 6º- Nesa mesma época, recepción da carta que lle enviaron os Reis Magos e análise da súa estrutura e fórmulas de inicio e despedida
- 7º- Elaboración dun catálogo para a escolla dos agasallos dos Reis
- 8º- Elaboración e envío da carta aos Reis Magos
- 9º- Escribimos unha carta colectiva (xaneiro)
- 10º- Recibimos cartas colectivas
- 11º- Iniciamos a correspondencia individual (finais de febreiro - comezo de marzo)
- 12º- Recibimos cartas individuais

preparámoas co seu selo, enderezo e remitente. Nesta primeira carta tamén enviamos unha folla coas nosas fotos e nomes. Agora tocaba agardar as respostas.

### Das cartas colectivas ás individuais

Coa chegada das cartas prodúcese un nerviosismo xeneralizado: será para nós? Só temos unha maneira de descubri-lo, ler o enderezo. Quen nola envía?, lemos o remitente. Que nos contan? Hai que axustar a planificación do traballo da aula; neste momento hai unha prioridade, ler as cartas. Escoitan a carta con moita atención, nela vén un folio cos retratos e nomes dos remitentes, colocámola na zona elixida da aula, zona que se converte nun espazo de atención, de interese constante.

Na aula fixemos un abecedario en grande no que situamos todos os nomes -os nosos e os dos nenos e nenas dos restantes colexios e escolas- para facer outras actividades relacionadas coa escritura: un abecedario de nomes, nomes que empezan por..., nomes longos-curtos, etc.

Neste momento principiamos coa correspondencia individual. Foi unha tarefa difícil de organizar. Cada rapaz debía escribirlle a un único neno e cada aula escribía ás catro restantes. Empeza o colexio de Ordes, cada rapaz ou rapaza escolle un neno ou nena da escola que queira, sabendo previamente o número de nenos que se poden elixir de cada escola. Elaboramos unha tarxeta coa foto do neno ou nena (remitente - quen escribe) e a foto do neno ou nena

elixido (destinatario - a quen lle escribo) (figura 3).

Para escribir as cartas individuais, primeiro os rapaces dítannos ás mestras o que lle queren contar a ese novo amigo ou amiga. Ao día seguinte nun folio e antes de nada copian a data, escriben o saúdo e a mestra fai o ditado. Deseguido preparamos o sobre, agora no enderezo temos que especificar para que neno ou nena é.

Cada rapaz ten arestora un novo amigo ou amiga, a correspondencia convértese en persoal e a lectura é individual, aínda que entre eles intercambian información e mesmo chegan a compartir a lectura da carta.

Como rexistro do proceso, cada neno leva ao final de curso unha carpeta na que se ordenan todas as cartas que recibe e unha copia das que envía, tanto individuais como colectivas, así como das actividades complementarias realizadas.

O traballo resultante das actividades cos nomes é máis significativo, coñecen practicamente o nome de todos os nenos e nenas e saben quen se escribe con quen.

Analizando as carpetas podemos observar un avance no sistema de escritura e tamén no texto. Ao ter nenos e nenas de todas as idades da etapa de educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria, pódese observar a evolución da lecto-escritura dende a etapa indiferenciada -aproximadamente aos 3 anos- ata a etapa silábica-alfabética -aos 5 anos- e alfabética cos nenos e nenas de primaria, tal e como sinalan Emilia Ferreiro e Ana Teberosky.

As primeiras cartas son máis breves; nas segundas xa se contan máis cousas.

### O mellor da experiencia

Tal e como comentamos na introdución, o proxecto resultou un traballo gratificante, porque observamos unha gran evolución no proceso lecto-escritor, debido ao gran interese que suscitaba nos nenos e nenas a elaboración e recepción deste tipo de texto. Non


### Secuencia que se segue en cada carta

#### Como produtores:

- Os nenos/as ditan a carta que queren escribir (colectiva ou individualmente)
  - Os nenos/as escriben a carta tendo en conta os elementos da carta: data, saúdo, contido, despedida e sinatura
- Para o contido: agora nós ditamos o seu contido para facer fincapé no sistema de escritura.
- Preparamos o sobre: enderezo (a quen enviamos a carta) e remitente (quen a escribe)

#### Como lectores:

- Lectura do enderezo para saber a quen vai dirixida
- Lectura do remitente para ver quen a escribe
- Lectura da carta fixándonos nos elementos da carta: data, saúdo, contido, despedida e sinatura



Modelo de tarjeta con foto do remitente e do destinatario. (figura 3)

obstante, convén sinalar que, aínda que non foi a única maneira de achegármonos con eles á lectura e á escritura, si resultou ser unha das máis motivadoras.

Todo este proceso esixe por parte do profesorado unha maior flexibilidade na planificación da aula, posto que en moitas ocasións a programación prevista víase modificada pola chegada da correspondencia, pasando a ser prioritaria ao esixir esta un traballo máis individualizado.

Tamén consideramos que este tipo de texto informativo permite unha

atención personalizada e un maior axuste das nosas suxestións ás características de cada un dos nosos alumnos ou alumnas.

Despois de ofrecer unha visión global do traballo dos nenos e das nenas, observamos que teñen un coñecemento da estrutura da carta axeitado ao seu nivel, identificando con total autonomía as diversas partes. Vense cando son produtores, no saúdo e na despedida tenden a confundir as fórmulas habituais da linguaxe oral coas propias da correspondencia, o que nos indica que sería conveniente continuar

co proxecto no curso seguinte e reforzar así o traballo realizado. Entendemos que o proceso de aprendizaxe da lectura e da escritura sempre é mellorable e que non ten fin.

Finalmente, indicar que esta experiencia foi posible grazas ao esforzo e interese de todos os membros do grupo de traballo: Norma Pérez, Alicia Leboráns e Rosa Raviña.

### Bibliografía

- AHLBERG, J. e A. (2003) El cartero simpático o unas cartas especiales. Barcelona, Destino (2ª edición).
- FERREIRO, E. e TEBEROSKY, A. (1979) Los sistemas de escritura en el desarrollo del niño. México, Siglo XXI.
- LANGEN, A. e DROOP, C. (2002) Cartas de Félix. Una pequeña liebre de viaje por el mundo. Barcelona, Acanto (2ª edición).
- NEMIROVSKY, M. (1999) Sobre la enseñanza del lenguaje escrito... y temas aledaños. México, Paidós.
- TOLKIEN, J.R.R. (1995) Cartas de Papa Noël. Barcelona, Minotauro.
- VIARIOS AUTORES (2004) La composición escrita (de 3 a 16 años). Barcelona, Graó.

